

RENOVA GALIZA

Revista de pensamento cívico,
estudos culturais e solidariedade galega

Núm. 2 - xullo 2006
EXTRA



Caderno
de pensamento cívico
nº 2

*A Galiza global:
as galegas e os galegos
no mundo (I)*



Susana Martínez-Conde*



SUSANA MARTÍNEZ-CONDE GARCÍA
(A Coruña, 1969)

De profesión científica, os seus vínculos con Galiza son familiares e profesionais coa comunidade neurocientífica das universidades de A Coruña e Santiago.

Licenciada en medicina e cirurxía pola Universidade Complutense de Madrid, cos tres primeiros anos da titulación cursados en Galiza. Fixo a súa tese de doutoramento no laboratorio do Dr. Carlos Acuña da Universidade de Santiago de Compostela, dentro do Programa de Neurociencia da Universidade.

Rematado o doutorado trasladouse a Harvard onde traballou dende o 1997 ata 2001 con Dr. David Hubel, premio Nobel de 1981. Durante os dous anos seguintes, do 2001 ata o 2003 dirixiu o seu propio laboratorio en Londres e neste ano recibiu unha oferta para trasladar o seu laboratorio ó Barrow Neurological Institute, de Phoenix -Arizona (EEUU) onde na actualidade dirixe o Laboratorio de Neurociencia Visual.

QUEN SOMOS?

1

-Cando me fun de Galicia para vir ós EUA no 1997, quizais me consideraba "emigrante". Hoxe en día, con case 10 anos vivindo fóra de Galicia, xa non me considero exactamente emigrante ou trasterrada xa que, aínda botando a Galicia moito a faltar, tamén aprendín a apreciar as características das cidades e dos países que me acolleron dende entón. Diría que, nestes intres, me definiría simplemente como "unha galega que vive nos EUA".

-Son tantas cousas que é difícil escoller. En primeiro lugar boto de menos a miña nai, que vive na A Coruña. Tamén boto de menos a comida, o clima (¡mesmo a chuvia!), a paisaxe, a costa galega, o idioma galego (que xa non teño a oportunidade de practicar e que se me oxidou pola falta de uso), a música... demasiadas cousas.

-Penso que si exerzo de galega. Manteño un grande contacto coa comunidade neurocientífica galega, e incorporei a varios investigadores galegos no meu laboratorio. No ano 2005, presidín o 28 Congreso Europeo de Percep-

ción Visual en A Coruña (nunca se celebrara en Galicia anteriormente, e en España tan só nunha ocasión previa).

-Hoxe en día xa non, xa que non teño oportunidade de practicar o galego ó vivir nos EUA. Estou casada cun americano, así que tanto no traballo como na casa falo practicamente só o inglés.

-Estou ben informada da actualidade neurocientífica a través dos meus contactos con colegas que realizan a súas investigacións en Galicia. Da actualidade noutras esferas estou menos informada, e a maioría das novas chégame a través da miña nai.

QUE NOS PASOU?

2

-O rematar o doutoramento (que levei a cabo na Universidade de Santiago de Compostela) é bastante normal facer una estadía postdoctoral noutro laboratorio, antes de formar o teu propio grupo de investigación. No meu último ano de doutoramento tiven a sorte de coñecer persoalmente a David Hubel, nun curso en Soria.

* Orixinal en castelán traducido polo C.R.



David Hubel recibiu o premio Nobel en 1981 polas súas investigacións sobre a visión, e

«Existe un maior investimento en investigación que a que había hai 10 anos, por parte da Xunta e das Universidades. Tamén existe unha opinión pública moito máis clara de que, para o progreso e o futuro de Galicia, é moi importante o promover e adicar recursos á investigación.»

é un mito na neurociencia contemporánea. Durante este curso pensei en facerlle unha pregunta a David Hubel, sobre o tema da miña tese doutoral. Acabamos falando máis dunha hora e, ó final desa conversa, David Hubel ofreceume que fixese unha estadía postdoutoral no seu laboratorio da Universidade de Harvard, en Boston.

-A causa máis inmediata da miña emigración foi recibir a oferta de David Hubel para formar parte do seu laboratorio. Oportunidades como esa preséntanse moi raramente, así que non a puiden pasar por riba.

-Existe un maior investimento en investigación que a que había hai 10 anos, por parte da Xunta e das Universidades. Tamén existe unha opinión pública moito máis clara de que, para o progreso e o futuro de Galicia, é moi importante o promover e adicar recursos a investigación.

-A emigración tivo un efecto moi negativo para Galicia, non só en aspectos

socioeconómicos senón tamén en aspectos culturais e científicos. Sufrimos un gran adiamento, e temos que concienciármolos de que recuperar o tempo perdido vai custar un esforzo por parte de todos.

-Sos meus contactos arestora son a miña nai, e os meus colegas neurocientíficos das Universidades da A Coruña e Santiago de Compostela. A última vez que estiven en Galicia foi para pasar o Nadal. Viaxo a Galicia, polo menos, un par de veces ao ano.

3 COMO NOS VEN?

-Creo que o maior problema é que Galicia é unha descoñecida en moitas partes do mundo, non que a imaxe de por si sexa, necesariamente, falsa. Sería moi importante dar a coñecer Galicia moito máis do que se fai.

-Certamente, existe o tópicos de que Galicia non é un importante centro internacional de investigación. Aínda que as cousas cambiaron moito, sobre todo na última década, é por desgraza certo que a investigación en Galicia aínda se atopa bastante por detrás de Cataluña, por pór un exemplo, ou de Madrid. Todo iso xa sen facer referencia a aquelas cidades de Europa ou EUA que contan cunha tradición científica moito maior. Un dos motivos principais polos que propuxen (con éxito) traer o 28 Congreso Europeo de Percepción Visual a Galicia no 2005, foi o pór a Galicia "no mapa" internacional da neurociencia visual, no só en Europa, senón tamén no resto do mundo.

-Podo falar, en concreto, da comunidade neurocientífica de emigrantes galegos. Penso que se considera que é unha comunidade de investigadores intelixentes, traballadores, e cunha grande motivación para levar a cabo descubrimentos científicos.

-As oportunidades e os recursos adicados a investigación, e a apreciación do papel do científico na sociedade. Estas son as principais razóns polas que aínda me atopo aquí.


4 CARA A ONDE IMOS?

-Creo que Galicia debería chegar a ser un peso pesado a tódolos niveis: cultural, científico, económico e social. Galicia ten un potencial enorme e non hai razón pola que ese potencial non se poda desenvolver na súa totalidade.

-Penso que o potencial turístico non está de abondo aproveitado, aínda que tamén cambiaron moitos as cousas nos anos recentes, e máis e máis turistas están visitando Galicia. Tamén se poderían explotar moito máis as oportunidades de colaboración científica entre laboratorios galegos e laboratorios doutros países.

-A verdade é que non me parei a pensar demasiado sobre o Galeguismo, e descoñezo moitos datos. Pero a primeira vista coido que, se se exerce en moderación, pode supor certas vantaxes.

-Sintoo, a lei da Galeguidade non a coñezo.



GRATIAS
WIOJPA